

MOITO FUEL NA COSTA DA MORTE

As propias fontes oficiais confirman que segue a saír piche do “Prestige”, unhas dúas toneladas diarias, agora que marchou o “Nautile”.
¿Cantas veces máis rectificarán ó Rajoy? E segue entrando pola parte da costa que está en liña recta co lugar do afundimento: os barcos de Muxía, Fisterra e Corcubión non paran de recollelo da auga. ¿Onde andarán os buques anti-contaminación? Os voluntarios lugueses estiveron este domingo en Camelle. Só dezaseis, limparon pedras na praia de Carrofeito.

Cóntannos que, quitando o escaso do persoal, todo foi indo bastante ben. Seica o coordinador de TRAGSA tiña a zona de limpar buscada e o material preparado (“a excepción que confirma a regra”, din con algunha retranca). E ó final da xornada, en vez dos consabidos bocadillos as mulleres de Camelle tiñan preparada unha tortilla (“riquísima”), cafés e colacaos. ¡Parabéns!

Perto do museo do Man limpaban estudantes da universidade de Vitoria-Gasteiz. Viñeran en dous autobuses. A estes non os desmobilizan. Nin a nós.



VAI DE ANIMAIS

Está visto que *Nunca Máis* é un zunido molesto que non deixa durmir ben os gobernantes. Pero non se lles ocorre, non, compararnos con abellas laboriosas, aínda que sexa nesta protesta gastacartos tan inútil. Para Aznar ladramos, encirrados seica contra a súa eficacia. Segundo Fraga, e esa é nova, na Plataforma hai algúns paxaros de moito coidado.

Igual pensan -de pensaren algo- que nos insultan. Estanche ben confundidos.

Sómo-lo can que garda a casa (díxoo Xosé Miranda): o noso país, esa casa violentada pola súa desidia. Sómo-os paxaros perdidos polo seu abandono: mascatos, corvos mariños e araos; iso si, non de fundación.

SEICA AGORA NOS ESCAPAN?

O silencio mediático sobre os sucesos do día 14 á noite foi case total. Para quen non chegase lendo ata a páxina 88 de *El Progreso*, e se fixase nun retallíño á dereita e arriba, no Círculo das Artes simplemente se entregou o Premio “Puro Cora” e reuniuse unha representación, máis ou menos selecta, do que noutrora se chamaría o “todo Lugo”.

Sen embargo, desde antes das nove e media houbo unha concentración que agardou por Fraga Iribarne e Ana Pastor. E aconteceu na cidade algunha outra cousa que merece ser contada e comentada. Porque dá para pensar.

Os que, a partir das 21:00, nos achegabamos ata a Praza Maior, atopabamos un espectáculo sorprendente. Cun despregamento de axentes que ía desde a explanada do Concello ata o Círculo das Artes, incluía unha parte da Alameda e chegaba ata a Porta Agirre, un destacamento do corpo especial de intervención da Policía Nacional española (polas súas insignias, seguramente de León) impedía o tránsito de persoas polo Cantón dos Franciscanos e o treito intramuradán da Rúa do Bispo Agirre. Un policía consultaba unha lista, seguramente de convidados, e só os que figuraban nela eran autorizados a pasar; xaora, pesaba sobre as autoridades a lembranza da visita de Rajoy. Pero, sen menoscabo diso, tamén andaba no ambiente a dúbida de que tal medida, que non só nos separaba a nós da perspectiva do Círculo, senón que impedía a circulación de viandantes e veciños, insólita e da que non se lembraban precedentes cercanos en Lugo, de se tal medida sería acorde coa legalidade vixente.

Sexa como for, alí estaban e alí estivemos, uns con bandeiras e carteis de *Nunca Máis*, outros con adhesivos contra a guerra e algúns compartindo ambas mensaxes. Falouse de que unha comitiva de coches oficiais entrara polo Polígono do Ceao. Máis tarde, pensando que tódolos convidados estarían dentro do Círculo, a maior parte dos participantes na concentración marcharon.

Curiosamente, máis ou menos un cuarto de hora despois de se ter practicamente disolto a demostración de protesta, chegaron os que agardáramos, en varias quendas e todo con aire de ben organizado. Primeiro o grupo do Presidente da Xunta; despois, o do ínclito Fernández de Mesa; por último, o da Ministra de Sanidade. Con eles, varios conselleiros. Tales noticias, logo coñecidas, déronnos para pensar a algúns. E imaxinamos, se cadra con fantasía de máis, que igual todos eses gobernantes estiveron nalgún lugar, polo Ceao, agardando unha chamada que indicase a nosa marcha e a viabilidade de eles entraren ó acto libres -ou case libres- de apupos.

Todo moita fantasía, se cadra. Pero é que hai cousas que estrañan. ¿Fraga chegando tarde? E, lembrando ó Rajoy a saír pola porta de atrás, un cavila se non andarán a escaparnos. ¿O destemido Fraga? ¿Unha ministra e o Delegado do goberno español? Seríache ben triste.

**O DÍA 23, a
Madrid,
POLA
DIGNIDADE .**

Vén connosco

Concello: 982-284812

CIG: 982-225812

CC.OO: 982-231975

UGT: 982231207

**¡Chama e
apúntate!**